

Desde Compostela

Concordo coa opinión de todos aqueles que afirman que Mario Regueira forma parte dunha nova xeración de escritores galegos. Unha xeración que, ollada desde a perspectiva de hoxe, ben poderíamos nomear como a “Xeración do 2000”. Un grupo de escritores e escritoras galegos nados en plena transición política coma os protagonistas da última entrega do narrador que pecha a lista.

Nunha primeira aproximación a *L'affiche rouge*, a novela de Mario Regueira, valoraremos a súa orixinalidade. Unha escrita novidosa, como xa apuntamos no seu día verbo da

Reinventar o mundo



FRANCISCO MARTÍNEZ
BOUZAS

guía do rastafarismo é Bob Marley.

Diremos, en segundo lugar, que *L'affiche rouge* é unha novela de aprendizaxe. Estes fillos dos primeiros anos da transición, fillos tamén de pais divorciados e que traballan os dous, intentan cruzar o linde sombrizo que é o paso da adolescencia á idade adulta. Cada un a súa maneira tentará encarar o con-

llanos: “Descubrir que os discurso dos negros de Xamaica tiña máis que ver con nós que as arpas bretoas, foi un desenganho, pero tamén foi algo necesario” (p. 147).

A súa maneira, xa que logo, esta xuventude reinventa o mundo, pero Compostela xa non é o lugar a onde chegan, senón o punto de partida. A súa pretensión de comer o mundo catapúltaos lonxe de Compostela ou de Breizh e, asemade, de todo aquilo que idealizaron cando comezaron a soñar. A novela é, pois, unha bo radiografía, sobre todo moi realista, da xeración que hoxe en día anda polos trinta. E se algunha conclusión podemos tirar desta trama, esta sería que o que somos cómpre conquistalo, aínda que para iso teñamos que vivir nunha situación de absoluta incerteza.

Con relación aos aspectos formais da novela, é de xustiza recoñecer que a escrita de Mario Regueira madurou co paso dos anos. O seu relato é moito máis narrativo que os contos de *Rebelión no inverno*. Todos os capítulos están preñados de

UNHA BOA E REALISTA RADIOGRAFÍA DA “XERACIÓN DO 2000”

contido ficcional e a súa estrutura, sen chegar a ser demasiado complexa, nada ten que ver coa linealidade. Os capítulos confesionais en primeira persoa alternanse con aqueloutros nos que un narrador que todo o sabe, amalgama a historia.

Non deixaremos de rexistrar unha pexa que dificulta a lectura: nos capítulos confesionais, por veces non resulta doado coñecer quen é o personaxe que está empregando a primeira persoa. A linguaxe de *L'affiche rouge* segue sendo a mesma da súa primeira peza narrativa: pinceladas curtas, sen preciosismos estilísticos e unha presenza inequívoca da linguaxe da rúa nas partes dialogadas que enchén unha boa parte da novela. Velaquí pois unhas mínimas pautas para achegarnos a esta segunda peza narrativa de Mario Regueira na que o medo, o terrexio, os seres solitarios e subversivos son substituídos por rapaces e rapazas que andan á procura da súa identidade.

REGUEIRA, Mario, *L'affiche rouge*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 198 páxinas.

colec-
ción de
relatos *Rebe-*
lión no inverno
da autoría asemade
do escritor de Ferrol.
Pouco ten que ver *L'affi-*
che rouge co que se entende
tradicionalmente por novela.
Mario Regueira agasállanos,
non con unha historia lineal de doada lectura, senón
cunha manchea de encontros,
conversas entre xente moza
arredor da súa propia identidade.
Mozos e mozas que tentan
identificarse levando trenzas ou
unha camiseta cunha enorme
folla de maría, co que queren
deixar patente as distancias entre
eles e as súas familias e, na súa
procura de referentes, mesmo
teñen como líder a Hailé Selassié,
un dos peores ditadores da historia,
aínda que pensen que o verdadeiro

fli-
t o
da iden-
tidade con
referentes que nada
teñen que ver coas utopías
ou coas ideoloxías coas que
comungaban outras xeracións.
Abandonan pois os referentes
doutras épocas e fican abeirados
a sinais identitarias marxinais
como pode ser o hippismo como
negocio e sen idealismos inútiles.
Ou proxectan os seus ideais
cara a figuras internacionais
como Bob Marley e mesmo
cara aos negros de Xamaica.
Moitos deles, en efecto,
escollen como marcas
identitarias da súa maneira
de vivir a galeguidade non o
celtismo, senón a música ou
os discursos dos negros anti-

